

A OMIC INFORMA SOBRE AS REBAIXAS do verán

- A orde do 29 de setembro de 1996 do 13-12-96, fixa que a tempada das rebaixas na Comunidade Autónoma Galega durante O VERÁN será dende o **1 de xullo ó 30 de setembro**.
- A duración das mesmas como mínimo será **dun período contínuo dunha semana e como máximo de 2 meses** (a libre elección de cada comerciante).
- As datas elixidas exhibiranse nos establecementos de modo visible.
- O termo **rebaixas** (segundo a Lei de Ordenación do Comercio Minorista) refírese á **venda de artigos a prezo inferior ó que tiñan anteriormente** polo tanto:
 - Os artigos rebaxados tiveron que estar á venda cunha antelación mínima dun mes.
 - Está expresamente prohibida a fabricación de produtos para esta fin.
 - Non se poden vender en rebaixas produtos defectuosos, tarados ou doutros anos.
- Nos letreiros e etiquetas figurará de xeito visible e sen inducir a erros o **prezo anterior e o novo ou a porcentaxe de desconto do prezo**.

Outros dereitos

- Dereito a que nos vendan os produtos expostos, a non ser de que se advirta, expresamente, que non están á venda ou que forman parte da instalación ou decorado.
- Dereito ó ticket ou factura de compra (documentos imprescindibles para reclamar e esixir o cumprimento da garantía).
- Dereito de garantía durante 2 anos, segundo o produto de que se trate:
 - Coa nova **Lei de Garantías** na venda de bens mobles corporais destinados ó consumo privado (**exclúense os bens inmobles e os servizos**) o **vendedor responde durante 2 anos** da falla de conformidade, debendo repararse ou substituírse o produto (a elección do consumidor) a non ser que sexa imposible ou desproporcionado.
- Dereito a pagar con tarxeta se o establecemento nas rebaixas mantén a publicidade deste sistema pagamento.
- Dereito a que non se limite a cantidade de artigos a mercar (lendas como “un só por persoa” non se axustan a lei), xa que no caso de que o establecemento non dispoña de existencias suficientes atenderá en orde de prioridade as solicitudes.
- Dereito a que os produtos sexan de calidade, sen taras nin defectos.
- Dereito a que o produto teña un etiquetado correcto, cumprindo coa normativa vixente.
- Dereito a que nos faciliten as follas de reclamación, no caso contrario deixar constancia do feito, requirindo a presenza dunha autoridade local.
- Dereito á devolución dos produtos nun prazo de 7 días (dende que os recibimos) no caso das vendas a distancia, fora dos establecementos, por correo electrónico, teléfono, etc.
- Dereito a esixir o publicitado nos medios de comunicación, catálogos, folletos, valos ou outro soporte similar.

¿Cómo mercar sen riscos nas rebaixas?

- **Probe e revise o estado das prendas e comprobe o funcionamento dos productos.**
- **Comprobe o etiquetado dos productos (p.e. algunhas prendas conlevan un custe engadido xa que somente se poden lavar en seco).**
- **Conserve os catálogos e folletos publicitarios, xa que todo o publicitado é exigible.**
- **Non merque prendas de roupa e calzado sen probalas, xa que o establecemento, a non ser que o teña publicitado, non está obrigado a recoller un producto que non lle guste ou non lle sirva de talla (só están obrigados a realizar devolucións se os productos presentan defectos).**
- **Garde o ticket ou factura de compra alomenos durante 2 anos.**